

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 27/07/2026
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
PAOLA MARIA MOCHALES
SONIA OUTÓN CASAL
CARLOS COIRA LOJO

Lista de non asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 27/07/2026 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión.

Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 20-jul-2026, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2026/2775

Dáse conta de Comunicación de Augas de Galicia, sobre a solicitude de actuación no Rego de Sordido, con motivo da queixa remitida por D. Juan Luis Miguens Ramos, na que manifestaba a necesidade de mantemento da canle do río Sordido, no tramo augas arriba da estrada PO-192. Segundo o recollido na queixa a vexetación traspasa dunha marxe á outra tapando a canle.

Realizada revisión da cartografía, constatouse por Augas de Galicia que este tramo está incluído dentro da trama urbana reflectida no visor de Demarcación Hidrográfica Galicia Costa, polo que está considerada como tramo fluvial urbano, sendo competencia do Concello a realización de actuacións que considere oportunas.

Indican que, neste tramo, o rego está catalogado coma área de risco potencial significativo de inundación (ARPSI).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar conta ao Servizo Municipal de Medio Ambiente para que se leven a cabo as actuacións necesarias para a limpeza da canle, previa comunicación a Augas de Galicia.

PRP2026/2744

Dáse conta do escrito presentado por D. David Miguez Ricon, en representación de El Huerto del Cura Brunch SL, solicitando autorización para celebración dun concerto de "sesión vermut" na terraza do local "El Huerto del Cura Brunch", na Avda. da Mariña 48 o día 20 de xullo de 2026, en horario de 13:00 a 14:30 horas.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2026/2745

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria de los Angeles Cifuentes Maneiro, en representación de Asociación Protectora de Animais de Vilagarcía de Arousa, solicitando autorización para instalación dunha carpa na esquina da Rúa do Río e Baldosa, para captación de socios, o día 1 de agosto de 2026, así como a cesión dunha carpa, catro mesas e catro cadeiras.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes

condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/2746

Dáse conta do escrito presentado por Dona Blanca Ana García Rodríguez, en representación de Asociación Española contra el Cancer, solicitando autorización para instalación de tres mesas informativas e de cuestación, o día 11 de agosto de 2026, en horario de 10:00 a 14:00 horas, na Praza de Galicia e esquina Alexandre Bóveda con Castela, así como a cesión de mesas e carpas nas ubicacións indicadas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/2747

Dáse conta do escrito presentado por German Manuel Torres de Aboal en representación da asociación cultural Mesa das Verbas, solicitando autorización para ocupación de vía Pública na Praza de Galicia, o día 1 de agosto de 2026, ás 20:30 horas para levar a cabo á actividade Poesía na Rúa - Cantamos Xuntos, e o mércores día 26 de agosto de 2026, ás 20:30 horas, na Praza da Peixería, para a actividade Lorca e La Barraca aquí, así como a colaboración municipal coa cesión de diverso material.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

Praza de Galicia:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público,

polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Praza da Peixería:

Deberá asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal. Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo da instalación municipal.

PRP2026/2743

Dáse conta do escrito presentado por D. José Angel Noya González, solicitando autorización para ocupación de vía pública para montar un espazo de pinta-caras e animación en Carril, o día 27 de xullo de 2026, a partir das 11:00 horas, con motivo das Festas de SAn Fidel 2026.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/2155

Dáse conta do escrito presentado por D. Jorge Miguez Paz, solicitando autorización para realización de concertos na terraza do Bar "Chirin-jito", situado na Rúa Alexandre Bóveda 26, os venres e sabados ata o 19 de agosto de 2026.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle autorización para a realización de concertos na terraza do establecemento, para un día á semana, en horario de 20:00 a 23:00 horas, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/2089

Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Francisco da Vila Caamaño, solicitando autorización para utilización da Praza da Peixería e Pistas de Patinaxe do Parque do Cavadelo, para a realización dun Certame de Arte Urbano (Camiño do Xacobeo 2027), os días 19 e 20 de setembro de 2026.

Dáse conta de informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora, e acorda comunicar ao Sr. Da Vila Caamaño, que deberá poñerse en contacto co Departamento de Xuventude, para fixar datas e actuacións.

PRP2026/2763

Dáse conta de proposta do Servizo de Vías Públicas, na que indican que resulta necesario levar a cabo os traballos de acondicionamento da fachada principal e laterais da Casa da Cultura do Grupo San Roque, de titularidade municipal, debido ao seu estado de deterioración e á perda das condicións de protección e illamento da envolvente do edificio. A actuación permitirá mellorar a conservación do inmovible, incrementar a súa eficiencia enerxética e evitar o agravamento das patoloxías existentes.

Características das obras:

- Montaxe e desmontaxe de andamio europeo para a execución dos traballos.
- Lavado das fachadas mediante aplicación de produto limpador e auga a presión controlada.
- Execución dun sistema de illamento térmico polo exterior (SATE) na fachada principal e laterais, incluíndo perfís de arranque, paneis illantes, ancoraxes, morteiro armado con malla e acabado acrílico decorativo.
- Revestemento acrílico da medianeira e das chemineas.
- Subministración e colocación de remates perimetrais en chapa de aluminio e de peitorís nas ventás.
- Limpeza final da obra, xestión dos residuos e adopción das medidas de seguridade e saúde necesarias para a execución dos traballos.

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Autorizar e dispoñer o gasto correspondente ao contrato menor de obras para o acondicionamento da fachada da Casa da Cultura do Grupo San Roque, de titularidade municipal, mediante a execución dun sistema de illamento térmico exterior (SATE), por un importe de 14.795,00 €, IVE incluído, con cargo á partida orzamentaria 334-63200, PROXECTO 2024/2/PREST/12.
2. Adxudicar o contrato menor de obras a CONSTRUSER CÉSAR PAZ, S.L. (B36540797), de conformidade co orzamento incorporado ao expediente.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/2728

A Xunta de Goberno Local, o 22/06/2026, aprobou o convenio regulador para a concisión directa da subvención a favor da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Vilagarcía de Arousa con CIF G-36.213.213.

En data 22/06/2026, o convenio foi asinado polo Alcalde-Presidente.

En data 07/07/2026, o convenio foi firmado polo presidente da AVPC.

A cláusula 7 do convenio prevé a posibilidade de aboar un anticipo do 50%, á sinatura e aprobación do convenio regulador, coa finalidade de poder garantir o funcionamento da entidade e poder levar a cabo as actividades inherentes á subvención.

Á vista do exposto, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento da obriga derivada da aprobación do anticipo da subvención concedida á entidade Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Vilagarcía de Arousa, con CIF G 36.213.213 por importe de 32.500,00 €, (50%

do importe concedido) con cargo á aplicación orzamentaria 135-489 segundo o establecido no convenio na cláusula 7.

PRP2026/2726

Dáse conta de proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, en relación coa necesidade de contratación do servizo de elaboración do Plan de Autoprotección da Festa da Auga 2026, que terá lugar o día 16 de Agosto, incluíndo desde o análise inicial ata a súa implantación operativa durante a celebración do evento.

Coa finalidade de dar cumprimento ás esixencias previstas no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, (LCSP), compre sinalar que na realización deste contrato menor non se está alterando o obxecto do contrato co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no apartado 1 do citado artigo.

Ante a obriga das diferentes normativas en materia de autoprotección e emerxencias, RD393/2007, RD171/2010, RD10/2017 e Ley 5/2007 do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia. E preciso redactar e implantar un plan de autoprotección nos eventos nos que haxa riscos para as persoas e superen as 20.000 persoas en espazos abertos, como e o caso da festa da auga.

A prestación do servizo comprenderá o seguinte:

- Redacción do Plan de Autoprotección.
- Rexistro administrativo do Plan.
- Implantación e asistencia técnica.
- A empresa contratada redactará o PAU da festa da auga 2026, asesorará ó Concello en todo o relativo ó plan, fará a implantación, a asistencia técnica o propio día da festa e o rexistro do mesmo no REGAPE.

Deberá estar rematado e presentado e realizada a implantación, antes do día 14 de agosto.

Tendo isto en conta, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Autorizar e dispoñer o gasto correspondente ao contrato menor de servizos consistente na contratación do servizo de elaboración do Plan de Autoprotección da Festa da Auga 2026, por importe de 4.235,00€ (IVE engadido), con cargo á partida orzamentaria 135-22706 do orzamento vixente.

2.- Adxudicar o contrato menor de servizos a D. Pablo López Arias (76736009M) de conformidade co orzamento incorporado ao expediente.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/2770

Dáse conta de proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, en relación coa necesidade de contratación do servizo de ambulancias con médico e DUE para cobertura de Operativo Especial Festa da Auga 2026 o 16 de Agosto e Combate Naval o 22 de Agosto de 2026.

Coa finalidade de dar cumprimento ás esixencias previstas no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, (LCSP), compre sinalar que na realización deste contrato menor non se está alterando o obxecto do contrato co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no apartado 1 do citado artigo.

Ante a obriga das diferentes normativas en materia de autoprotección e emerxencias, RD172/2022 de 6 de outubro polo que se aproba o Catalogo de actividades que deben adoitar medidas de autoprotección e polo que se fixa o contido desas medidas e a Ley 5/2007 do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, compre a contratación de unha ambulancia tipo UVI Móvil (con médico e enfermeiro) para a Festa da Auga en horario de 09.00 a 16.00 horas da mañá do 16 de Agosto, servizo de médico e enfermeira para cobertura na noite previa a Festa da Auga, en horario de 00 a 09.00 horas, e outra ambulancia tamén UVI Móvil para o Combate Naval, tal e como recollen os Plans de Autoprotección elaborados para ditas festas.

A prestación do servizo comprenderá o seguinte:

- Atención de pacientes no hospital de campaña a instalar na Praza da Peixeiría durante a mañá

do día 16 (festa da auga).

- Atención de pacientes durante a noite previa a festa da auga en servizos activados polo 061.
- Traslado de pacientes a o centro útil de referencia.
- Servizo preventivo durante o desenrolo do Combate Naval.

A empresa contratada comprométese a prestar o servizo cun vehículo ambulancia tipo C e cumprindo coa inspección técnica de sanidade e a tarxeta de transportes en vigor.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Autorizar e dispoñer o gasto correspondente ao contrato menor de servizos consistente na contratación do servizo de ambulancia UVI Móvil para a Festa da Auga e Combate Naval 2026, por importe de 2.520,00€ (IVE engadido), con cargo á partida orzamentaria 135-22799 do orzamento vixente.

2.- Adxudicar o contrato menor de servizos a Funeraria y Ambulancias Compostela S.L. (B-15904808) de conformidade co orzamento incorporado ao expediente.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/2699

Na sesión na data 28/02/2022 da XGL adxudicouse o contrato de servizo denominado "CT 94/2021" contrato mixto de servizos de mantemento , conservación e adecuación de aparellos elevadores (ascensores e montacargas) portas automáticas...instaladas en dependencias municipais ou dependentes do Concello de Vilagarcia de Arousa a " KONE ELEVADORES SA" A28791069 por un importe de 32.050€ (IVE incluído) nesta adxudicación se incluía entre outros o mantemento do servizo do ascensor da nave industrial de obras pertencente ao Concello sita en Trabanca Badiña.

Na sesión con data 01/04/2024 da XGL se prorrogou o contrato por dous anos máis, dende o principio de execución do contrato o ascensor da nave de obras non funcionaba e non se realizou mantemento algún do elevador obxecto deste informe.

Posteriormente, na XGL do 24/06/2024 acorda adxudicar a OTIS Mobility SA (A28.011.153) o mantemento preventivo e correctivo do ascensor instalado na nave municipal de obras, xa que o ascensor indicado levou sen funcionar dende a súa instalación fai como 15 anos xa que a empresa constructora crebou e a instalación do ascensor non se puxo en funcionamento por non achegar a documentación técnica do mesmo para dalo de alta na Conselleria de Industria. Despois de falar coa empresa OTIS no ano 2024 conseguíuse poner en funcionamento e darse de alta en industria o ascensor pero para iso foi preciso que a empresa OTIS se fixera cargo do seu mantemento durante dous anos.

Isto implicou que KONE non prestou o servizo de mantemento dende xullo de 2024 como así se pon de manifesto nos partes de traballo que obran en poder do encargado de mantemento municipais nos que KONE fai constar que o mantemento realiza OTIS polo que non procede a facturación polo servizo no periodo que vai de xullo de 2024 ata actualidade o servizo foi realizado por OTIS e non por KONE.

O 17 xullo 2026 firmouse unha providencia de alcaldía de incoación do expediente de reintegro de gastos indebidos, na que se indica:

"(...) Polo exposto, dispoño:

A iniciación do expediente de reintegro de gastos indebidos polas facturas que abaixo se relacionan pero aclarando que dito desacordo é polo concepto e importe do mantemento do ascensor da nave de obras sita en Pol. Trabanca Badiña .

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	IMPORTE ASCENSOR	Nome
F/2024/5158	01/08/2024	1301219470	31/07/2024	164,75	78,65	KONE ELEVADORES, S.A.
F/2024/6094	09/09/2024	1301232261	31/08/2024	164,75	78,65	KONE ELEVADORES, S.A.
F/2024/6745	01/10/2024	1301245891	30/09/2024	164,75	78,65	KONE ELEVADORES, S.A.

F/2024/7588	01/11/2024	1301283349	31/10/2024	164,75	78,65	KONE S.A.	ELEVADORES,
F/2024/8520	01/12/2024	1301295897	30/11/2024	164,75	78,65	KONE S.A.	ELEVADORES,
F/2025/531	30/01/2025	1301309426	31/12/2024	164,75	78,65	KONE S.A.	ELEVADORES,
F/2025/591	01/02/2025	1301348582	31/01/2025	164,75	78,65	KONE S.A.	ELEVADORES,
F/2025/1468	14/03/2025	1301374284	13/03/2025	164,75	78,65	KONE S.A.	ELEVADORES,
F/2025/1976	01/04/2025	1301376552	31/03/2025	164,75	78,65	KONE S.A.	ELEVADORES,
F/2025/2712	01/05/2025	1301414263	30/04/2025	164,75	78,65	KONE S.A.	ELEVADORES,
F/2025/3498	01/06/2025	1301428035	31/05/2025	164,75	78,65	KONE S.A.	ELEVADORES,
F/2025/4521	01/07/2025	1301440558	30/06/2025	164,75	78,65	KONE S.A.	ELEVADORES,
F/2025/5301	01/08/2025	1301478277	31/07/2025	164,75	78,65	KONE S.A.	ELEVADORES,
F/2025/6025	01/09/2025	1301490886	31/08/2025	164,75	78,65	KONE S.A.	ELEVADORES,
F/2025/6788	01/10/2025	1301504674	30/09/2025	164,75	78,65	KONE S.A.	ELEVADORES,
F/2025/7711	01/11/2025	1301540442	31/10/2025	164,75	78,65	KONE S.A.	ELEVADORES,
F/2025/8445	01/12/2025	1301552436	30/11/2025	164,75	78,65	KONE S.A.	ELEVADORES,
F/2026/9	02/01/2026	1301565369	31/12/2025	164,75	78,65	KONE S.A.	ELEVADORES,
			TOTAL	2.965,50	1.415,70		

Polo anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- APROBAR O EXPEDIENTE de solicitude de reintegro de gastos indebidos por un importe de 1.415,70 €, correspondente ao período de prestación deficiente comprendido entre o 01/07/2024 e o 31/12/2025.

SEGUNDO.- REQUIRIR Á EMPRESA CONTRATISTA para que, no prazo 10 días hábiles contados desde a notificación do presente acordo, opte explicitamente por unha das seguintes opcións de corrección:

- Opción A (Devolución): Proceder ao reintegro e devolución do importe de 1.415,70 € facturado e cobrado indebidamente.
- Opción B (Compensación técnica): Realizar de xeito efectivo as revisións técnicas que quedaron pendentes e non feitas. Para optar por esta vía, a empresa deberá achegar obrigatoriamente un calendario detallado con datas concretas e pechadas para a execución inmediata dos traballos.

TERCEIRO.- NOTIFICAR o presente acordo ao Departamento de Intervención Municipal e á empresa interesada para os efectos oportunos.

PRP2026/2755

Dáse conta do escrito presentado pola Federacion Galega de Baloncesto, solicitando autorizacion de uso do Parque da Xunqueira os días 1 e 2 de agosto de 2026 para o desenvolvemento do 3x3 NA RÚA, que estaba previsto para os días 11 e 12 de xullo no Cavadelo e tivo que ser aprazado.

Viso o informe do Director Deportivo e a Resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar o uso da pista de baloncesto do parque da Xunqueira para a celebración do citado evento os días 1 e 2 de agosto de 2026, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Na memoria da actividade que acompaña a solicitude, veñen unha serie de necesidades loxísticas e recursos humanos, que non solicitan nada, polo que enténdense que son cuestións

asumidas pola propia organización

- A Federación Galega de Baloncesto indica que instalarán unhas bancadas, polo que deberán presentar a certificación de solidez e seguridade da mesmas, tal como establece a lexislación a través do DECRETO 226/2022, de 22 de decembro, por el que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas

- A actividade deberá contar co seguro de accidentes para tódolos participantes así como o seguro de responsabilidade civil como indica a Lei 3/2012 do deporte de Galicia.

- No desenvolvemento dos citados eventos, deben acatar o que establece o Regulamento de Rexime Interno da Fundación de Deportes en canto a publicidade do Concello e da Fundación nas instalacións deportivas municipais.

- Deberán tomar tódalas medidas preventivas con fin de dar cumprimento as normativas de aplicación vixentes en materia de seguridade e protección das persoas que asistan a dito evento, sendo estas medidas as seguintes:

- As portas de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade.
- Non se permitirá a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencia existentes.
- Non se permite o uso de elementos inflamables, explosivos ou similares no interior da instalación.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2026/2759

Pola Área de Servizos Sociais dáse conta á Xunta de Goberno Local da presentación da xustificación da axuda económica para o funcionamento e gratuidade da atención educativa da escola infantil 0-3 de titularidade municipal ao abeiro da Orde do 18 de agosto de 2025 para o curso 2025/2026 para a solicitude de revisión e pago de concesión complementaria a data 21/07/2026 .

Nª rexistro sede Xunta de Galicia: 2026/2180541.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2026/2725

Nas Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2026 recóllese a concesión dunha subvención nominativa á entidade Fundación Lar Pro Salud Mental, con N.I.F. G36302776, por importe de 3.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 231-48002.

A subvención tramítase en réxime de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a) da Lei 38/2002, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e ao artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao estar nominativamente prevista no orzamento municipal.

A entidade realiza o desenvolvemento de actuacións e actividades do centro no marco da inclusión e autonomía de persoas que padecen trastornos mentais, detectándose a necesidade de apoio económico para garantir a continuidade ou mellora das actuación.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o convenio para a concesión directa de subvención nominativa 2026.
- Autorización e compromiso de gasto a entidade Fundación Lar Pro Salud Mental, con N.I.F. G36302776, por importe de 3.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 231-48002, , dentro do proxecto de gasto do PROXECTO PLAN CONCERTADO 2026/3/CRRTE/1/1.

EMPREGO

PRP2026/2623

Para o Nadal 2026, as accións de dinamización comercial, desenvolveranse arredor de tres eixos principais:

1º. Dinamización de Rúas Comerciais entre as datas: 18 de decembro de 2026 e o 5 de xaneiro de 2027.

2º. Montaxe da Aldea de Nadal e dinamización comercial da mesma e da súa contorna dende o día 15 de decembro de 2026 e o 7 de xaneiro de 2027 (ambos inclusive).

3º. Deseño e realización de Xardíns Efémeros e decoración de rúas comerciais do Concello de Vilagarcía.

A temática inspiradora das accións de dinamización comercial para o Nadal 2026 seguirá sendo o “CONTO DE NADAL” de CHARLES DICKENS e o Londres da época Victoriana, para o que será preciso levar a cabo unha ambientación acorde coa temática, decoración, sonorización e iluminación artísticas dos espazos que serán a Rúa Clara Campoamor, Rúa do Río e o Salón García.

Non dispoñendo o Concello de recursos materiais e humanos dabondo para desenvolver todas as accións previstas no proxecto cuxa autorización de gasto se solicita, dentro de cada un dos eixos especificados, precisarase recorrer á contratación externa de diferentes empresas proveedoras e profesionais de distintos perfís, o que comportará un gasto que, estimativamente, se detalla a continuación:

a) PLANIFICACIÓN, PRE-PRODUCCIÓN DOS ESPAZOS E DOS EVENTOS. Solicitado orzamento a NELSON QUINTEIRO ROA, NIF: 78734451T, presentou o mesmo por contía de: 17.992,70 € (IVE engadido), dos que 14.634,95 € corresponden ao exercicio 2026 e 3.357,75 € corresponden ao exercicio 2027.

b) ACTO DE PRENDIDO DO ALUMEADO DE NADAL. Tendo en conta que no Nadal do 2025 este evento foi asumido pola Concellería de Promoción Económica e non pola de Cultura como viña sendo tradicional, engádese dito concepto á presente solicitude de autorización de gasto. Segundo custos do evento no ano 2025, o gasto máximo estímase en: 13.400,00 € (IVE engadido) que se desglosa en dous Conceptos: (PRODUCCIÓN do EVENTO: 5.000,00 € e ACTO DE PRENDIDO ALUMEADO: 8.400,00 €).

c) DECORACIÓN TEMÁTICA DO SALÓN GARCÍA, RÚA DO RÍO E RÚA CLARA CAMPOAMOR. Estímase segundo prezos de mercado un gasto máximo de: 18.029,00 € (IVE engadido), por este concepto.

d) SONORIZACIÓN E ILUMINACIÓN ARTÍSTICA DA ALDEA DE NADAL E XARDÍNS EFÉMEROS. Estímase segundo prezos de mercado un gasto máximo de: 16.500,00 € (IVE engadido).

e) ESPECTÁCULOS E ACCIÓNS PARA DINAMIZACIÓN DAS RÚAS COMERCIAIS E PRAZA DE ABASTOS, CONTACONTOS, TEATRO E ARTISTAS DE DIFERENTES PERFÍS. Estímase o gasto total por este concepto nun máximo de: 18.000,00 € (IVE engadido) para o exercicio 2026 e 3.000,00 € para o exercicio 2027.

f) ADQUISICIÓN DOS ELEMENTOS NECESARIOS PARA MONTAXE DE XARDÍNS EFÉMEROS EN PUNTOS ESTRATEXICOS DA CIDADE. Tendo en conta o gasto incorrido en edicións anteriores por este concepto, estímase un gasto para o Nadal 2026 por contía máxima de: 17.900 € (IVE engadido).

g) SERVIZO DE SEGURIDADE PARA A VIXIANZA DAS INSTALACIÓNS NAS RÚAS Durante o tempo de desenvolvemento da Aldea de Nadal, especialmente nas horas nocturnas, nas que a mesma permanece pechada. Tendo en conta o gasto incorrido en edicións anteriores por este concepto, estímase un gasto por contía máxima de: 6.500,00 € (IVE engadido), para o exercicio 2027.

h) ELEMENTOS FUNXIBLES e material necesario para o acabado, iluminación interior, tornillería, seguros, madeira, area, merchandising relacionado coa temática do evento, atrezzo dos personaxes de Nadal etc... Tendo en conta que á data de formulación da presente proposta descoñécense as necesidades e importes exactos destes materiais, estímase o seu custo nun máximo de: 21.000,00 € (IVE engadido).

O orzamento TOTAL estímase en: 132.321,70 € (IVE engadido), que se especifica :

CONCEPTO	GASTO ESTIMADO 2026	GASTO ESTIMADO 2027	GASTO TOTAL	PARTIDA
PLANIFICACIÓN, PRE-PRODUCCIÓN DO ESPAZOS E DO EVENTO .	14.634,95 €	3.357,75 €	17.992,70 €	4311-22706

PRODUCCIÓN EVENTO, PRENDIDO DO ALUMEADO DE NADAL.	5.000,00 €	0,00	5.000,00 €	4311-22706
ACTO DE PRENDIDO DO ALUMEADO DE NADAL E OUTROS EVENTOS.	8.400,00 €	0,00	8.400,00 €	4311-22610
DECORACIÓN TEMÁTICA, DA RÚA DO RÍO, SALÓN GARCÍA E RÚA CLARA CAMPOAMOR.	18.029,00 €	0,00	18.029,00 €	4311-22610
SONORIZACIÓN E ILUMINACIÓN ARTÍSTICA DA ALDEA DE NADAL E XARDÍNS EFÉMEROS.	16.500,00 €	0,00	16.500,00 €	4311-22610
ESPECTÁCULOS PARA DINAMIZACIÓN DAS RÚAS COMERCIAIS, CONTACONTOS, TEATRO E ARTISTAS DE DIFERENTES PERFÍS.	18.000,00 €	3.000,00 €	21.000,00 €	4311-22610
ADQUISICIÓN DOS ELEMENTOS NECESARIOS PARA MONTAXE DE XARDÍNS EFÉMEROS EN PUNTOS ESTRATEXICOS DA CIDADE.	17.900,00 €	0,00	17.900,00 €	4311-22610
SERVIZO DE SEGURIDADE PARA A VIXIANZA DAS INSTALACIÓNS NAS RÚAS.	0,00	6.500,00 €	6.500,00 €	4311-22799
ADQUISICIÓN DE ELEMENTOS FUNXIBLES E MATERIAL NECESARIO PARA O ACABADO, ILUMINACIÓN INTERIOR, TORNILLERÍA, SEGURO, MADEIRA, AREA, MERCHANDISING RELACIONADA COA TEMÁTICA, LIMPEZA ATREZZO PAPÁ NOEL E PERSONAXES DE NADAL ETC ...	21.000,00 €	0,00	21.000 €	4311-22610
T O T A L (imputable a 2026)	119.463,95 € IVE engadido*			
T O T A L (imputable a 2027)	12.857,75 € IVE engadido*			

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar o gasto para as ACCIÓNS DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL PARA O NADAL 2026-27 do Concello de Vilagarcía de Arousa, por contía máxima estimada de: 119.463,95 € (exercicio 2026) e 12.857,75 € (exercicio 2027) con cargo ás partidas especificadas.

O Departamento de Promoción Económica, con carácter previo á contratación de cada un dos servizos e/ou subministros, elevará á XGL as correspondentes propostas para aprobación do gasto e adxudicación de cada un dos contratos imputables ao proxecto de referencia.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2026/2742

Vista a proposta da Concellería de Educación, a Xunta de Goberno acorda aprobar a conta xustificativa da subvención a tramitar ao abeiro da ORDE do 11 de maio de 2026 pola que se convocan axudas dirixidas a escolas de música públicas e escolas de música privadas dependentes de institucións sen ánimo de lucro, facendo constar:

- Que se cumpriu a finalidade da subvención
- Que os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados imputables á subvención subvencionada, referentes ao período entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2025, son os seguintes:

Pro.	Eco.	Descrición	Obrigas Recoñecidas
3262	1200000	ESCOLA DE MÚSICA-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA	71.743,47
3262	1200001	ESCOLA DE MÚSICA-RETRIBUCIÓNS BÁSICAS FUNCIONARIOS INTERINOS	4.728,90
3262	1210000	ESCOLA DE MÚSICA-COMPLEMENTO DE DESTINO	30.448,69
3262	1210001	ESCOLA MUSICA-COMPLE DE DESTINO FUNCIONARIOS INTERINOS	2.2274,90
3262	1210100	ESCOLA DE MÚSICA-COMPLEMENTO ESPECÍFICO	49.093,69
3262	1210101	ESCOLA MUSICA-COMPLE ESPECÍFICO FUNCIONARIOS INTERINOS	3.630.75
3262	1210303	ESCOLA MÚSICA-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	2.455,78
3262	16000	ESCOLA MÚSICA-SEGURIDADE SOCIAL	45.527,38
3262	213	ESCOLA MUSICA-MAQUI, INSTALA. TÉCNICAS E UTILLAXE	10,95
3262	22000	ESCOLA MÚSICA-ORDINARIO NON INVENTARIABLE	259,84
3262	22100	ESCOLA MÚSICA-ENERXÍA ELÉCTRICA	1.453,09
3262	22103	ESCOLA MÚSICA-COMBUSTIBLES E CARBURANTES	745,36
3262	22200	ESCOLA MÚSICA-SERV. TELECOMUNICACIONES	341,20
3262	224	ESCOLA DE MÚSICA-PRIMAS DE SEGUROS	1.186,90
3262	22700	ESCOLA MÚSICA-LIMPEZA E ASEO	7.736,76
		TOTAL	221.834,96 €

- Que non se recibiu outra axuda ou subvención para a mesma fianlidade.

MERCADOS

PRP2026/2773

Dáse conta do escrito presentado por Da MARÍA DOLORES TRIGO COSTA, con NIF 76871262H, solicitando a baixa do posto nº 9 da Praza do Peixe, por motivo de imposibilidade de atendelo por motivos de saúde e por petición propia con data de execución do 31/07/2026.

Dáse conta do informe do Servizo de Mercados, no que se indica:

Efectivamente Da MARÍA DOLORES TRIGO COSTA e concesionaria titular do posto nº 9, da Praza do Peixe de Vilagarcía de Arousa.

En base ó Regulamento DAS PRAZAS DE ABASTOS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, APROBADO EN SESIÓN PLENARIA DE 26 DE XANEIRO DE 2023, e publicado no BOPPO, Núm. 24, do venres 3 de Febreiro de 2023.

No seu Artigo 23. Causa de extinción das concesións:

1. Sen prexuízo do establecido na Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público e neutras disposicións deste Regulamento, serán causas de resolución das concesións de postos, que determinarán a extinción das mesmas, as seguintes:

a) Por falecemento, enfermidade ou xubilación (sen que se teña producido a transmisión nos termos do artigo 22.5 do presente regulamento)

d) A renuncia do concesionario.

En base a ditas disposicións, procedería conceder a baixa da concesión do posto Nº 9, da Praza do Peixe de Vilagarcía de Arousa, a todos os efectos con data 31/07/2026.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a baixa da concesión do posto Nº 9, da Praza do Peixe de Vilagarcía de Arousa, solicitada por Dona Maria Dolores Trigo Costa, a todos os efectos, con data 31/07/2026.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2026/2756

Dáse conta de proposta do Servizo Municipal de Parques e Xardíns en relación coa necesidade de reparación da furgoneta do servizo, que se atopa avariada, sendo un elemento fundamental para desenvolver o traballo diario.

Vista a necesidade de realizar a mencionada reparación o Concello solicitou orzamento a DALONGA S.A. CIF A36011112, que presentou a súa oferta de reparación cun orzamento de 3.826,07 € (IVE incluído).

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Autorizar o gasto e adxudicar o contrato menor de servizo citado á empresa DALONGA S.A. con CIF A-36011112 por un importe de 3.826,07 € (IVE INCLUÍDO), con cargo á partida orzamentaria 171-214, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CULTURA

PRP2026/2729

O pasado día 17 de febreiro de 2026 (martes de Entroido) celebrouse o Desfile de Disfraces e Carrozas 2026.

Na XGL, na sesión que tivo lugar o día 26 de xaneiro de 2026, adoptouse o acordo para aprobar as bases do Entroido 2026, coa celebración do Desfile de Disfraces e Carrozas e os premios que figuran nelas.

Ademais, as bases aprobadas establecen a forma de pagamento dos premios, que a continuación se detalla:

“DÉCIMA: O pagamento do premio faráselle á persoa ou entidade que figura na ficha de inscrición do concurso, mediante transferencia bancaria, ao longo do mes de abril de 2026, sempre e cando non houbese que suspendelo ou aprazalo polas inclemencias do tempo.”

O gasto previsto correspondente aos premios do Desfile de Martes de Entroido do día 17-02-2026, segundo o establecido nas bases, ascende a un total de 7.300,00 € con cargo á partida 334.48100 (PREMIOS: INFANTIL (Individual e parella), XERAL (Individual e parella), COMPARSA (Grupo de ata 20 persoas e grupo de 21 ou máis persoas), ESPECIAIS (Mellor carroza, mellor animación, Mención do xurado e Choqueiros).

Segundo se desprende do informe anexo a esta proposta (realizado para protexer os datos das 26 persoas premiadas), o total final, excluídas as 2 persoas que non se encontran ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, o gasto sería de:

IMPORTE BRUTO	RETENCIÓN 19%	IMPORTE NETO
7.180,00 €	342,00 €	6.838,00 €

Segundo as bases e acta do xurado que se acompaña, acórdanse os seguintes premios:

MODALIDADE		
INFANTIL	1º INDIVIDUAL	DISFRAZ
	2º INDIVIDUAL	ALMA ANIMAL
	3º INDIVIDUAL	RODOLFO CHIKILICUATRE
	1º PARELLA	BABYBEL
	2º PARELLA	A VIAXE MÁXICA
	3º PARELLA	FANTASIA DO MAR
XERAL	1º INDIVIDUAL	OS RATOS LARPEIROS
	2º INDIVIDUAL	A MULLER ESCORPIÓN
	3º INDIVIDUAL	PEPE O CUNCHEIRO
	1º PARELLA	TRUMP
	2º PARELLA	DE VOLTA A PREHISTORIA
	3º PARELLA	AS RATAS DO GAFOS NO EXILIO
COMPARSA	1º PREMIO GRUPO ATA 20	OS MÉDICOS DA PESTE NEGRA
	2º PREMIO GRUPO ATA 20	CINE AVENIDA
	3º PREMIO GRUPO ATA 20	REMENDOS DO FAIADO
	1º PREMIO GRUPO DE 21 OU MÁIS PERSOAS 20	ESCUELA DE HÍPICA OS PINTAMONAS
	2º PREMIO GRUPO de 21 OU MÁIS PERSOAS	REIVENTANDO O PAIS DAS MARAVILLAS
	3º PREMIO GRUPO DE 21 OU MÁIS PERSOAS	EL SHOW DEL GRAN HOTEL
ESPECIAIS	PREMIO MELLOR CARROZA	UN JARDÍN DE ILUSIÓN
	PREMIO MELLOR ANIMACIÓN	EL DRAGÓN EN LA MURALLA CHINA - CHIMPAVASOS
	PREMIO MENCIÓN XURADO	MENUDO PANORAMA
		VAI ANA A MARISKADORA
	CHOQUEIRO (INDIVIDUAL)	
	CHOQUEIRO (INDIVIDUAL)	A SRA. DAS GAFAS
	CHOQUEIRO (GRUPO)	A SRA. DOS CASCOS
	CHOQUEIRO (GRUPO)	ANTIGA ESCOLA
	CHOQUEIRO (GRUPO)	OS XABARÍNS
	CHOQUEIRO (GRUPO)	TODO NATURAL
	3º PREMIO GRUPO DE 21 OU MÁIS PERSOAS	UN JARDÍN DE ILUSIÓN
ESPECIAIS	PREMIO MELLOR CARROZA	EL DRAGÓN EN LA MURALLA CHINA - CHIMPAVASOS
	PREMIO MELLOR ANIMACIÓN	MENUDO PANORAMA
	PREMIO MENCIÓN XURADO	VAI ANA A MARISKADORA
	CHOQUEIRO (INDIVIDUAL)	
	CHOQUEIRO (INDIVIDUAL)	A SRA. DAS GAFAS
	CHOQUEIRO (GRUPO)	A SRA. DOS CASCOS
	CHOQUEIRO (GRUPO)	ANTIGA ESCOLA
	CHOQUEIRO (GRUPO)	OS XABARÍNS
	CHOQUEIRO (GRUPO)	TODO NATURAL

No formulario de inscrición non se incorporou unha Declaración Responsable de estar ao corrente das débedas coa administración polo que se tivo que ir accedendo ás mesmas en función dos accesos aos que ten permiso o concello.

Da comprobación das 26 persoas premiadas en tan só 2 aparecen incidencias coas súas obrigas tributarias.

A relación das persoas premiadas, coa contía do premio e as contas bancarias correspondentes, figuran no informe anexo a esta proposta, para cumprir coa protección de datos persoais.

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local acorda o Recoñecemento de obriga a favor das persoas premiadas no Desfile de Disfraces e Carrozas 2026 con cargo á partida 334.48100 segundo as contías recollidas na táboa e que deberán ser ingresadas, a maior urxencia posible.

PRP2026/2776

Entre as competencias propias dos concellos atópanse a promoción da cultura e os equipamentos culturais, artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das Bases do réxime Local, realizando diversas actuacións no ámbito da cultura, así coma desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción e difusión de todo tipo de expresións musicais.

Que o Concello de Vilagarcía de Arousa, a través da Concellería de Cultura organiza diferentes accións neste municipio o longo de todo o ano, promovendo todo tipo de eventos culturais e musicais.

Que a Asociación Coro Liceo de Vilagarcía (asociación sen ánimo de lucro), que ten como obxectivo principal a organización e realización de concertos de música, óperas e zarzuelas

Esta Concellería de Cultura, dentro da súa programación do mes de novembro, día 7 no salón de actos do Auditorio vaise levar a cabo unha actividade denominada “GRAN GALA LÍRICA” que será a cargo do Coro Liceo de Vilagarcía, na que subirán o escenario 80 voces, banda de solistas.

Polo exposto a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Asociación Coro Liceo de Vilagarcía (G94002862) para a representación Gran Gala Lírica, o vindeiro 7 de novembro de 2026 no Salón de Actos do Auditorio Municipal, un importe de 4.500,00€ (exento de iva) con cargo a aplicación orzamentaria 334.22609.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/2777

Vista a solicitude de D. Moisés Campos Maneiro, en representación da Asociación Enanito de las Uvas, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello nas seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Fidel, en Carril, os días 26 e 27 de xullo de 2026:

NOME	C.I.F.	DIA ACTUACIÓN	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
ASOCIACIÓN CULTURAL OS XIRIFEIROS -GAITAS-	G36439792	26-07-2026	391,00€	334-22609
ASOC.CULTURALPOLIFÓNICA DE VILAXOÁN	G36446862	26-07-2026	585,00€	334-22609

